



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Inicio expediente de contratación da obra "DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO)" -POS+ 2022. EXPTE. [2022/C003/000004](#)

Para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entende necesario proceder á execución das obras de "DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO)" -POS+ 2022, actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

A competencia municipal ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b), c) e d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O proxecto da obra denominado "DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO)" cun valor estimado de 193.996,46 euros, IVE 40.739,26 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 234.735,73 euros segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992 en xaneiro de 2022, aprobado pola resolución desta alcaldía núm.339/2022, de data 09-05-2022, e no seu expediente está incorporado o documento RC expedido pola intervención polo que se acredita crédito suficiente no vixente Orzamento municipal para o exercicio de 2024, aplicación 2024.160.623.00, igualmente cóntase co informe xurídico-técnico que figura no expediente de data 02-02-2022 no que se acredita que a obra executarase na rede viaria municipal polo que non será necesario contar coa autorización de particulares, agás as autorizacións sectoriais, as cales foron solicitadas. Á vista da documentación que consta no expediente precisábase só a correspondente a Portos de Galicia, a cal solicitouse na data de 11-02-2022, dando resposta Portos de Galicia que a mesma deberíase instrumentar por medio dun convenio de cesión, o cal non foi asinado ata o 26-02-2024, polo que ata esta data non se dispuxo da documentación previa precisa para o inicio do expediente de contratación.

De conformidade co acordo do Pleno de data 02-04-2024 polo que se aproba o Orzamento municipal para o exercicio de 2024 os recursos ordinarios ascenden a 6.542.000,00 € (sumatorio das previsións iniciais dos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, do orzamento de ingresos), sendo 654.200 euros o límite correspondente ao 10% dos recursos ordinarios, polo que o Alcalde, consonte á Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, é o órgano competente ao ser o valor estimado do contrato de 193.996,46 euros, se ben, delegáronse as competencias en materia de contratación atribuídas á alcaldía na Xunta de Goberno Local, polo que deberá ser este órgano o que posteriormente aprobe o expediente de contratación.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras "DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO)", POS+2022, cun valor estimado de 193.996,46 euros, IVE 40.739,26 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 234.735,73 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22992, e aprobado pola resolución desta alcaldía núm. 338/2022, de data 09-05-2022.

SEGUNDO.- Dar traslado aos Servizos Técnicos municipais deste Concello co fin de que se proceda ao estudo e informe do proxecto de obra elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22992, no que se cuantifica o prezo do contrato, e se inclúe o prego de prescricións técnicas, e proceder á tramitación do expediente de contratación administrativa da dita obra, para a que existe consignación orzamentaria suficiente na partida orzamentaria 2024.160.623.00 polo importe de 234.735,73 euros, segundo a retención de crédito practicada pola Intervención que consta no expediente.

Para os efectos do establecido no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o Concello de Ponteceso para poder executar a obra, para a que se conta co financiamento da Deputación da Coruña, incluída no POS + 2022.

TERCEIRO.- Dar traslado ao técnico de Administración Xeral para que neste procedemento de contratación se empreguen os pregos tipo aprobados pola Deputación da Coruña nas obras incluídas nos plans provinciais de obras, empregando o procedemento aberto simplificado, con multiplicidade de criterios de adxudicación, sen división en lotes, de conformidade coa resolución da alcaldía número 172/2022 de data 07-03-2022, emita o seu informe e cando o expediente se complete se lle traslade á secretaría para a emisión do seu informe preceptivo, e á intervención para a súa fiscalización previa. Rematado o expediente realizarase a proposta por esta alcaldía para sometelo á aprobación da Xunta de Goberno Local.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Ante min, a secretaria, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Asdo.: José Manuel Mato Martínez

Asdo: Antía Pena Dorado